

Segundo o establecido na base II.2.6 da orde de convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada consonte o previsto no artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Dous.-Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións presentadas.

Tres.-Indicar, de conformidade co disposto na base II.1.1 da orde de convocatoria, que superaron o primeiro exercicio os aspirantes da quenda de promoción interna que obtiveron unha puntuación mínima de 10 puntos, para o cal o tribunal fixou en trinta (30) o número de respostas correctas para acadar a dita puntuación, unha vez feitas as deducións previstas na mesma base.

Segundo.-En canto á quenda de acceso libre:

Un.-Anular, de acordo coas reclamacións presentadas, para a quenda de acceso libre, as preguntas números 9, 40, 45 e 53 do primeiro exercicio da fase de oposición, pasando a ser substituídas polas preguntas de reserva números 81, 82 e 83.

Modificar a resposta que figura como correcta para a pregunta 1, pasando a ser a resposta correcta a A)

Segundo o establecido na base II.2.6 da orde de convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada consonte o previsto no artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Dous.-Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións presentadas.

Tres.-Indicar, de conformidade co disposto na base II.1.1 da orde de convocatoria, que superaron o primeiro exercicio os aspirantes da quenda libre que obtiveron unha puntuación mínima de 10 puntos, para o cal o tribunal fixou en trinta (30) o número de respostas correctas para acadar a dita puntuación, unha vez feitas as deducións previstas na mesma base.

Terceiro.-Realizar os trámites oportunos para a publicación das puntuacións obtidas polos aspirantes, no lugar de realización do exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Cuarto.-Indicar que, de acordo co disposto na base II.1.1, da orde de convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que xulguen oportunas con relación ás puntuacións no prazo de 10 días contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2009.

Jaime Barros Leboreiro
Presidente do tribunal

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 18 de novembro de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se abre o prazo para que o persoal facultativo especialista de cota das categorías de licenciados sanitarios que teña recoñecido o grao III de conformidade co Decreto 256/2006, do 28 de decembro, solicite o grao IV de desenvolvemento profesional.

Como consecuencia das solicitudes presentadas, e resoltas de conformidade co Decreto 256/2006, do 28 de decembro, polo que se regula o procedemento de xerarquización e acceso á carreira profesional do persoal estatutario especialista de cota do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2007), determinado persoal licenciado sanitario especialista de cota está incorporado ao réxime extraordinario de carreira profesional deseñado polo Decreto 155/2005, do 9 de xuño (DOG nº 112, do 13 de xuño). Esta incorporación especial ao réxime extraordinario de carreira profesional realizouse nun primeiro momento co recoñecemento dun pregrao e coa percepción do correspondente complemento de carreira, que implica a vontade irreversible de optar pola integración nos servizos xerarquizados de atención especializada do Servizo Galego de Saúde. Por Resolución do 23 de marzo de 2009 (DOG nº 66, do 6 de abril), abriuse o prazo para solicitar o grao III de desenvolvemento profesional, con efectos do 1 de xullo de 2008.

Neste momento o proceso debe ter a súa continuidade, seguindo a secuencia temporal establecida nas referidas disposicións, co recoñecemento do grao IV de desenvolvemento profesional a este persoal, con efectos do 1 de xullo de 2009.

A avaliación para o acceso ao grao IV realizarase a través de informe asinado polo director xerente da institución sanitaria, que versará sobre os resultados da participación do profesional na actividade asistencial e prestacional do centro.

En consecuencia, en uso das facultades outorgadas no Decreto 155/2005, do 9 de xuño, e no Decreto 256/2006, do 28 de decembro, logo do acordo adoptado na mesa sectorial de negociación, esta dirección

RESOLVE:

Primeiro.-*Obxecto.*

Esta resolución ten por obxecto abrir o prazo para que o persoal estatutario especialista de cota das categorías de licenciados sanitarios que teña recoñecido o grao III de desenvolvemento profesional, de conformidade co Decreto 256/2006, do 28 de decembro (DOG nº 7, do 10 de xaneiro), solicite o acceso ao grao IV.

Segundo.-*Acceso ao grao IV de desenvolvemento profesional.*

Poderá solicitar o recoñecemento do grao IV o persoal a que se refire a disposición primeira que cumpra os seguintes requisitos:

a) Servizos prestados na categoría ou especialidade: 23 anos.

Este requisito acreditarase mediante certificación de servizos prestados emitida polo centro correspondente.

b) Estar en situación de activo ou asimilada, acreditada mediante a certificación a que se fixo referencia na alínea a) anterior.

c) Superar favorablemente a avaliación, que se realizará a través dun informe detallado asinado polo director xerente da institución sanitaria correspondente, que versará sobre os resultados da participación do profesional na actividade asistencial e prestacional do centro.

Queda exceptuado do cumprimento deste último requisito o persoal que se atope nalgunha das situacións previstas no punto 1º do artigo 6 do Decreto 155/2005.

Para valorar o cumprimento dos requisitos referidos nas alíneas a) e b) atenderase á data do 30 de xuño de 2009.

Terceiro.-*Solicitudes.*

Cada solicitante deberá cubrir unha única solicitude que se axustará necesariamente ao modelo que figura como anexo desta resolución.

O profesional deberá presentar a solicitude a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, advertindo que na folla de solicitude debe figurar o selo de rexistro; os orixinais quedarán en poder da Administración e expedirase copia para o interesado. A solicitude, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos, dirixirase á comisión técnica de avaliación (licenciados sanitarios), no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

O modelo de solicitude está publicado na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Cuarto.-*Avaliación.*

A avaliación será realizada pola comisión técnica de avaliación en atención ao previsto na disposición adicional cuarta do Decreto 155/2005, do 9 de xuño, (DOG nº 112, do 13 de xuño).

A comisión técnica de avaliación realizará proposta de resolución sobre a estimación ou desestimación do recoñecemento do grao IV de desenvolvemento profesional dirixida á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde. A dita proposta incluírá certificación sobre o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 155/2005 e sobre o resultado favorable ou desfavorable da correspondente avaliación.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO

SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DO GRAO IV DE CARREIRA PROFESIONAL
(PERSONAL FACULTATIVO ESPECIALISTA DE COTA INTEGRADO)

DATOS PERSOAIS E PROFESIONAIS	
Apelidos e nome	Código numérico persoal
Enderezo	Poboación
Provincia	Teléfono
Categoría	Xerencia de atención especializada (destino actual)
Situación administrativa	Activo ou asimilada <input type="checkbox"/>
	Outras <input type="checkbox"/> Especifique cal:

EXPÓN QUE:

Tendo recoñecido o GRAO III de acordo co Decreto 256/2006, do 28 de decembro, e reunindo os requisitos básicos para acceder ao correspondente grao de carreira profesional (servizos prestados/situación de activo ou asimilada), segundo a documentación que se relaciona:

- Certificado de servizos prestados (referencia 30 de xuño de 2009)
 - Informe da participación nos resultados da actividade do centro
- SOLICITA:
- O recoñecemento do grao IV de carreira profesional
-, de de 20....

Sinatura:

Selo

COMISIÓN TÉCNICA DE AVALIACIÓN-(CARREIRA PROFESIONAL DE LICENCIADOS SANITARIOS)
DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE